



**ANUNCIO**

Despois da reunión do órgano de selección nomeado para xulgar o proceso para cubrir unha praza de **conserxe** (persoal laboral), polo sistema de concurso oposición, aprobadas por resolución da segunda tenente de alcalde delegada de Persoal núm. 2022006143, do 15 de decembro (convocatoria do proceso selectivo aprobado de acordo artigo 2 da Lei 20/2021, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público), o tribunal acorda:

**Primeiro.**- Publicar a batería de preguntas á que fai referencia o punto 10.08 das bases que rexen na convocatoria, e que figuran como anexo a este anuncio.

**Segundo.**- Convocar ás persoas aspirantes para realizar a proba da fase de oposición (exame de coñecementos tipo test), que terá lugar o día **9 de maio de 2024** no Centro Municipal de Formación (rúa dos Regos, 24, Liáns, Oleiros). O chamamento comezará ás **10.00 h** polas persoas cuxo primeiro apelido empece pola letra "V". As persoas aspirantes deberán vir provistas do DNI ou da documentación acreditativa equivalente e cun bolígrafo coa tinta de cor azul ou negra.

O que se comunica para os efectos oportunos e público coñecemento.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola secretaria do tribunal,  
Ana Prieto Fontela.

Anexo listaxe de preguntas:

**1. Que produto pode ocasionar queimaduras na pel a causa das salpicaduras?**

- a) Goma laca
- b) Aceite de linaza
- c) Decapante
- d) Goma espuma

**2. Cal é o tempo mínimo de secado e endurecemento dun produto de acabado se se seca a temperatura ambiente?**

- a) 1 hora
- b) 48 horas
- c) 12 horas
- d) 24 horas

**3. Nunha instalación monofásica o cable azul é o correspondente a?**

- a) Fase
- b) Neutro
- c) Terra
- d) Neutro o terra

**4. Que é un pernio?**

- a) É unha peza articulada de metal situada nas portas exteriores das casas que serve para chamar os seus ocupantes por medio de golpes na porta





## CONCELLO DE OLEIROS

- b) É un tipo de herraxe articulado que grazas ao seu sistema de xiro, permiten a apertura e peche de portas
- c) É un tipo de pasador, normalmente metálicos, que serve para asegurar o peche de portas, portillos e ventanas
- d) É un tipo de pechadura solta contida nunha caixa de metal, que por medio de armellas asegura portas, ventanas, tapas de cofres, maletas, etc.

### 5. Na rede de sumidoiros utilízanse normalmente tubaxes de:

- a) Aceiro
- b) Cobre
- c) Plástico PVC
- d) Calquera das opcións é correcta

### 6. Cal é a función do cable HDMI?

- a) É un dispositivo portátil de almacenamento, composto por una memoria flash, accesible a través dun porto USB
- b) Permite cargar distintos dispositivos electrónicos como teléfonos móbiles e tablets entre outros
- c) Son dispositivos de almacenamento de datos nos que podemos almacenar calquera tipo de información dixital
- d) Permite a transmisión de vídeo dixital de alta definición e audio dixital multicanle sen comprimir a través dun único cable

### 7. Que precaucións se deben tomar o almacenar produtos inflamables e volátiles?

- a) Gardalos en estancias estancas
- b) Utilizar unha habitación que preserve un alto grado de humidade
- c) Unha adecuada e constante ventilación
- d) Envolver os produtos con material anti-inflamables

### 8. A potencia dos motores eléctricos exprésase en:

- a) Watio
- b) Julio
- c) Nw
- d) Kwh

### 9. Para unións e terminais de cable coaxial debemos utilizar os conectores:

- a) BNC hembra ou macho
- b) USB macho ou hembra
- c) VGA hembra ou macho
- d) HDM

### 10. A que chamamos Climalit?

- a) Un sistema intercambiador de calor onde se produce a transferencia de enerxía térmica desde un medio a outro
- b) O dobre acristalamento que ten como principal vantaxe o aillamento térmico e acústico
- c) Estrutura formada por láminas finas e estreitas engarzadas unhas con outras, enrollables ou extensibles
- d) Peche empregado en ventanas, formado por lamas entre as que quedan unha serie de rendixas que permiten a circulación de aire ao seu través

### 11. En que caso sería necesario instalar un grupo de presión?





## CONCELLO DE OLEIROS

- a) O número de usuarios é abundante
- b) Existe unha falta de presión no subministro
- c) O caudal das griferías é excesivo
- d) A agua non é potable

### 12. Na unión da bomba e o calderín sitúarase:

- a) Unha chave de purga
- b) Unha válvula de retención
- c) Un tacómetro
- d) Un fluxómetro

### 13. O fax funciona a través de:

- a) A liña eléctrica
- b) A liña telefónica
- c) Un módem
- d) Unha conexión de cable a internet

### 14. A memoria zoom dunha fotocopiadora está relacionada con:

- a) A velocidade de reprodución
- b) A intensidade da cor
- c) As funcións de redución e ampliación
- d) O número de copias que se desexe realizar

### 15. A unidade de medida do brillo dos proxectores é:

- a) O lumen
- b) O lux
- c) O pixel
- d) O ohmio

### 16. Unhas condicións ideais de manipulación manual de cargas inclúen:

- a) Levantamentos rápidos e continuados.
- b) Espalda inclinada para diante
- c) Manexo da carga sen xiro nin inclinacións
- d) Suxección do obxecto con unha posición da muñeca en ángulo de 90º

### 17. Os fusibles serven para:

- a) Interromper a corrente cando hai sobre carga.
- b) Limitar a forza da corrente
- c) Iluminar en caso de emerxencia
- d) Contabilizar o paso da corrente

### 18. Cal dos seguintes elementos de conexión de cables non é apropiado?

- a) Regletas
- b) Dedales
- c) Cinta illante
- d) Bornes de empalme

### 19. Que dispositivo serve para protexer as liñas de sobre-intensidades eléctricas e derivacións a terra?

- a) Diferencial
- b) Interruptor





## CONCELLO DE OLEIROS

- c) Conmutador
- d) Enchufe

**20. O canutillo é un tipo de:**

- a) Grapado
- b) Encuadernado
- c) Plástico
- d) Franqueado

**21. Que nome recibe a xunta indicada coa frecha:**

- a) Cordel
- b) Tendel
- c) Llaga
- d) Unión horizontal



**22. Cando na dosificación dun morteiro se utiliza unha cantidade reducida de conglomerante, denomínase...**

- a) Morteiro cola
- b) Morteiro graso
- c) **Morteiro árido**
- d) Morteiro de receta

**23. Que nome recibe a xunta indicada coa frecha:**

- a) Cordel
- b) Tendel
- c) Llaga
- d) De dilatación



**24. Unha raedera serve para:**

- a) Facer morteiro
- b) Facer rozas
- c) Desencofrar
- d) Para rascar paredes

**25. Que area se utiliza en morteiros por ser máis fácil de traballar, ter o gran máis limpo de impurezas, ser liso e redondeado:**

- a) De machaqueo
- b) De mina
- c) De río
- d) De costa ou mariña

**26. Cal dos seguintes é un árido artificial:**

- a) Arena de río
- b) Arena de machaqueo
- c) Grava
- d) Canto rodado

**27. En que consistirá o sinal visual de uso de perigo por electricidade?**

- a) Nun círculo de fondo branco con borde vermello
- b) En sinais triangulares de fondo amarelo e borde negro
- c) En imaxes en cor branca sobre fondo vermello





## CONCELLO DE OLEIROS

d) Nun círculo azul con imaxes en color branca

### 28. Que é un enlucido?

- a) Un revestimento con morteiro de cal.
- b) Un revestimento con morteiro bastardo.
- c) Un revestimento fino de cal e xeso.
- d) A e B son correctas

### 29. Que é unha obra de fabrica?

- a) Un revestimento continuo
- b) Unha edificación singular
- c) Elemento construtivo a partir de ladrillo, pedras, bloque, unidos entre si
- d) Conxunto de ferramentas de albanelería

### 30. Das seguintes ferramentas cal se usa para sacar terra dunha gabia:

- a) Un pico
- b) Unha pala
- c) Unha raedera
- d) Unha tupí

### 31. Unha raedera serve para:

- a) Facer morteiro
- b) Facer rozas
- c) Desencofrar
- d) Para rascar paredes

### 32. O nivel serve para:

- a) Comprobar a altura
- b) Comprobar planicidade
- c) As opcións a) e d) son correctas
- d) Medir lonxitudes

### 33. Para o corte idóneo dos ferros dunha malla electro soldada de Ø 6,utilizarase:

- a) Unha tenaza
- b) Unha cizalla
- c) Unha serra
- d) Todas as respostas anteriores son válidas

### 34. Os morteiros en albanelería utilízanse como:

- a) Material de agarre en unión de mampuestos que integran as obras de fábricas.
- b) Revestimentos con enfoscados ou revocos.
- c) As respostas a) e b) son correctas.
- d) Formigóns

### 35. Sinale como se chama á formación que obteríamos coa mestura dos seguintes materiais que aparecen no gráfico:

- a) Pasta
- b) Morteiro
- c) Formigón
- d) Mosteiro bastardo





## CONCELLO DE OLEIROS

**36. O cemento branco pode ser de cor:**

- a) Gris verdoso
- b) Ocre
- c) Branca
- d) As respostas a) e c) son correctas

**37. De que cor debe ser o cable de fase utilizado nos circuitos eléctricos?**

- a) Azul
- b) Negro, marrón ou gris
- c) Amarelo e verde
- d) Vermello

**38. Antes de pintar unha superficie metálica deberase...**

- a) Facer unha limpeza xeral
- b) Desengraxar
- c) Eliminar óxidos
- d) Todas as opcións anteriores son correctas

**39. Para evitar que o óxido apareza, hai que preservar o soporte con:**

- a) Antioxidantes
- b) Tapaporos
- c) Pinturas
- d) As opcións a) e b) son correctas

**40. Antes de pintar unha superficie metálica deberase:**

- a) Facer unha limpeza xeral
- b) Desengraxar
- c) Eliminar óxidos
- d) Todas as opcións anteriores son correctas

**41. A resistencia que ofrece un material á penetración da auga chámase:**

- a) Impermeabilidade
- b) Porosidade
- c) Durabilidade
- d) Todas as opcións anteriores son incorrectas

**42. O verniz é un revestimento que....**

- a) É transparente
- b) É protector da madeira
- c) Proporciona un acabado impermeable, resistente ao roce e á calor
- d) Todas as opcións anteriores son correctas

**43. As pinturas plásticas son:**

- a) Pintura ao auga
- b) Pintura ao aceite
- c) Pintura nas que os seus ligantes son colas celulósicas
- d) As opcións anteriores a) e c) son correctas

**44. Como se denomina a capa de aplicación previa destinada a mellorar as calidades do soporte de modo que reciba correctamente as capas de acabado previstas cun rendemento, remate e durabilidade correctos?**





## CONCELLO DE OLEIROS

- a) Capa preparatoria
- b) Capa de entibación
- c) Capa de replanteo
- d) Capa de imprimación

### **45. Cal será a aplicación usual dunha pintura de poliuretano?**

- a) Sobre revocos de cal en exteriores para obras de rehabilitación
- b) Zócalos decorativos en vivendas
- c) Garaxes e cubertas transitables
- d) Regularización de paredes defectuosas e tapado de gretas

### **46. O conglomerante que máis se usa en albanelería é:**

- a) O cal
- b) O xeso
- c) O cemento
- d) A cola

### **47. Cal dos seguintes áridos ten orixe natural:**

- a) De mina
- b) De río
- c) De costa ou mariños
- d) Todas as respostas anteriores son correctas

### **48. As luvas de seguridade deben ser:**

- a) De goma
- b) Metálicas
- c) Transpirables
- d) De terciopelo

### **49. A primeira norma de seguridade laboral é:**

- a) Ir descansado a traballar
- b) Evitar riscos
- c) Posuír os EPI
- d) Tomar 1 ou 2 cervexas antes de empezar a xornada

### **50. Unha boa práctica laboral é baixar o corpo flexionando os xeonllos, mantendo o lombo recto, en que caso?**

- a) No retroceso de pezas
- b) No exercicio físico
- c) No movemento de cargas
- d) No corte con serra

### **51. Activar os sistemas de emerxencia require dunha secuencia fundamental, cal?**

- a) Protexer, avisar e socorrer
- b) Axudar, protexer e quentar
- c) Protexer, socorrer e avisar
- d) Avisar, protexer e axudar

### **52. Cal dos seguintes riscos non se considera dentro dos posibles no manexo das máquinas de carpintería?**

- a) Atrapamentos nas máquinas e máquinas-ferramentas





## CONCELLO DE OLEIROS

- b) Inhalación de produtos químicos
- c) Ruído
- d) Inhalación de pó de madeiras brandas e duras

**53. Cal dos seguintes elementos NON é un equipo de protección colectiva:**

- a) A varanda de seguridade de protección de borde
- b) O arnés anti-caída
- c) O diferencial de obra
- d) Ningunha das opcións anteriores é correcta

**54. Os sinais en forma de panel de obrigación, son de cor:**

- a) Fondo amarelo, pictograma negro
- b) Fondo azul, pictograma branco
- c) Fondo vermello, pictograma branco
- d) Ningunha das opcións anteriores é correcta

**55. Cal das seguintes afirmacións é correcta:**

- a) Só os traballadores autorizados que teñan recibido unha formación adecuada poden manexar os equipos de elevación de cargas
- b) Non hai que situarse nin permanecer baixo as cargas suspendidas, nin dentro do radio de acción das mesmas
- c) Para operacións complexas de elevación, será necesario planificar especificamente a tarefa
- d) Todas as opcións anteriores son correctas

**56. De cantas chapas adoita estar formado un tableiro contrachapado?**

- a) De dúas
- b) De tres
- c) De catro
- d) De seis

**57. Que tipo de bisagras se instala nos mobles de cociña?**

- a) Bisagra plana
- b) Bisagra de cazoleta
- c) Bisagra tipo pernio
- d) Bisagra de Piano

**58. Que ancho de premarco prefabricado pedimos, si nos din que o tabique é de ladrillo de 8cm?**

- a) 10
- b) 8
- c) 12
- d) 14

**59. A cantos grados hai que poñer a ingletadora para facer un marco de inglete?**

- a) 30º
- b) 90º
- c) 45º
- d) 22,5º

**60. Nos tableiros, que nos indica o canto de cor verde?**







## CONCELLO DE OLEIROS

- a) Que é moi bo
- b) Que e moi duro
- c) Que e hidrófugo
- d) Que e ignífugo

**61. Que máquina usaremos para facer ensambles a 45 graos?**

- a) A tupí
- b) A escuadradora
- c) A serra circular ingletadora
- d) A serra de cinta

**62. Que máquina se utiliza para perfilar, moldurar, ranurar e espigar?**

- a) A tupí
- b) A escopleadora
- c) A cepilladora
- d) A serra circular

**63. Que máquina utilizaremos para despezar un taboleiro de madeira?**

- a) A tupí
- b) A cepilladora
- c) A serra de cinta
- d) A regruessadora

**64. A recomendación mais importante que se debe seguir na limpeza de mobles é:**

- a) Realizala moi a miúdo
- b) Non utilizar produtos abrasivos
- c) Que a realice persoal cualificado
- d) Ningunha das anteriores é a correcta

**65. Que elementos adóitanse utilizar para protexer cantos e esquinas de elementos de carpintería e moble?**

- a) Papel engomado
- b) Plástico de burbullas
- c) Cantoneiras e esquineiras
- d) Ningunha das anteriores é a correcta

**66. As patas roscadas de cociñas, ao viralas cara á esquerda ou a dereita, provocan no módulo que...**

- a) Se fixe no chan
- b) Se desprace horizontalmente
- c) Suba ou baixe
- d) Non serven para nada están solo por estética

**67. Onde se poden axustar as portas corredeiras dun armario para conseguir a perpendicularidade e a aliñación entre follas?**

- a) Nos reguladores que posúen as rodas
- b) Calzando o armario na parte traseira
- c) Botando o chumbo no costado do armario
- d) Recheando con tiras de madeira os canais por onde corre a porta

**68. Que instrumento serve para medir ángulos?**





## CONCELLO DE OLEIROS

- a) O goniómetro
- b) O pé de rei
- c) A falsa escuadra
- d) O sarxento

**69. Cal das seguintes ferramentas auxiliares serve para comprobar a horizontalidade e verticalidade na instalación de mobles e elementos de carpintería?**

- a) O nivel
- b) O metro
- c) A regra
- d) O cartabón

**70. Un dos tableiros que mellor admite as pinturas ou lacas é:**

- a) Taboleiro de fibra ou MDF
- b) Taboleiro alistonado de madeira
- c) Taboleiro contrachapado
- d) Todas as opcións son incorrectas

**71. A paleta emprégase para:**

- a) Taladrar as paredes
- b) Manexar a mezcla ou morteiro
- c) Desatascar o sifón
- d) Mezclar as cores

**72. Ao retirar as envolturas ou embalaxes de mobles hai que ter en conta...**

- a) A data de caducidade
- b) A ferraxe que veña fixada no moble
- c) Os puntos febles do embalado, para retiralo con facilidade
- d) As caras ocultas ou traseiras da peza ou pezas

**73. O “percutor” é unha opción que ten o/a:**

- a) Cepillo eléctrico.
- b) Fresadora.
- c) Serra de calar
- d) Trade

**74. Cal é a ferraxe de fixación máis común?**

- a) Escuadras metálicas
- b) Tacos e parafusos
- c) Espirros
- d) Alcaiatas

**75. Como se denomina a un modelo que axuda en rebaixes e acoples de pezas que tamén se utiliza para comprobar se os elementos dun conxunto están a escuadra?**

- a) Machihembrado
- b) Cuña
- c) Escantillón
- d) Precerco





## CONCELLO DE OLEIROS

**76. O exercicio dos dereitos e liberdades recoñecidos no Capítulo Segundo do Título Primeiro da Constitución Española de 1978, só poderá regularse por lei, que se tutelarán:**

- a) De acordo co previsto no artigo 165, 1, a) da Constitución
- b) Mediante recurso de amparo
- c) De acordo co previsto no artigo 161, 1, a) da Constitución
- d) De acordo co previsto no artigo 163, 1, a) da Constitución

**77. Os cidadáns, segundo o artigo 23 da Constitución española, teñen dereito a acceder ás funcións e cargos públicos cos requisitos que sinalen as leis, en condicións de:**

- a) Igualdade
- b) Mérito e capacidade
- c) Mérito, igualdade e publicidade
- d) Mérito, igualdade, capacidade e publicidade

**78. Nos proxectos declarados urxentes polo Goberno ou polo Congreso dos Deputados, o prazo co que conta o Senado para vetar ou emendar redúcese a:**

- a) 30 días hábiles
- b) 20 días naturais
- c) 15 días hábiles
- d) 10 días naturais

**79. Os actos das Entidades Locais caracterízanse por ser:**

- a) Eficaces
- b) Resolutorios
- c) Revisables de oficio
- d) Inmediatamente executivos

**80. De acordo con o disposto no artigo 4 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, considéranse interesados no procedemento administrativo:**

- a) As asociacións e organizacións representativas de intereses económicos e sociais serán titulares de intereses lexítimos colectivos nos termos que as normas de rango legal ou regulamentario recoñezan
- b) Considéranse interesados no procedemento administrativo os que sen iniciar o procedemento teñan intereses lexítimos que poidan resultar afectados pola decisión que no mesmo adóptese
- c) Aqueles cuxos intereses lexítimos individuais ou colectivos poidan resultar afectados pola resolución e acúdanse no procedemento en tanto non recaese resolución definitiva
- d) Todas as respostas son correctas

**81. Os prazos máximos dos que dispoñen as administracións para a resolución e notificación dos procedementos contaránse:**

- a) Nos procedementos iniciados de oficio, desde a data do acordo de iniciación.
- b) Nos iniciados a solicitude do interesado, desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro electrónico da administración ou organismo competente para a súa resolución.
- c) as respostas a) e b) son correctas.
- d) as respostas a) e b) son falsas.

**82. De acordo co artigo 24 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, nos procedementos iniciados a solicitude do**





## CONCELLO DE OLEIROS

**interesado, cando se produza o vencemento do prazo máximo sen notificarse resolución expresa, o interesado ou interesados entenderana estimada por silencio administrativo:**

- a) Nos procedementos cuxa estimación tivese como consecuencia que se transferisen ao solicitante ou a terceiros facultades relativas ao dominio público ou ao servizo público.
- b) Nos procedementos que impliquen o exercicio de actividades que poidan danar o medio ambiente.
- c) Nos procedementos de responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas.
- d) Nos supostos de recurso de alzada cando este interpúxose contra a desestimación por silencio administrativo dunha solicitude.

**83. Segundo a lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ao principio en virtude do cal “os actos nulos ou anulables que, sen embargo, conteñan os elementos constitutivos doutro distinto producirán os efectos de este”, denomínaselle:**

- a) De transmisibilidade
- b) De conversión
- c) De oportunidade
- d) De convalidación

**84. Segundo a lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, serán motivados:**

- a) Os actos que acorde a terminación do procedemento pola imposibilidade material de continualo por causas sobrevindas.
- b) Os actos que acorde a terminación do procedemento por desistencia.
- c) Ambos teñen que ser motivados.
- d) Ningún destes actos ten que ser motivado

**85. Segundo o artigo 41 da Lei que rexe o Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cando o interesado fose notificado por distintos cauces, tomarase como data de notificación:**

- a) A daquela que se produciu en segundo lugar
- b) A efectuada en papel
- c) A daquela que se produciu en primeiro lugar
- d) A efectuada por medios electrónicos

**86. De acordo coa lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o principio do procedemento administrativo en virtude do cal o procedemento unha vez iniciado continuase con independencia das actuacións dos interesados, denomínase:**

- a) Celeridade
- b) Contraditorio do procedemento
- c) De eficacia
- d) De oficialidade

**87. De acordo coa lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, tendo en conta o prazo de presentación de solicitudes establecido nunha convocatoria de acceso a unha administración pública, de vinte días naturais, se un participante nun proceso solicitase ampliación do prazo de corrección de erros na súa solicitude:**

- a) O prazo de ampliación non pode exceder de dez días naturais.
- b) O prazo poderá ser ampliado prudencialmente ata cinco días.





## CONCELLO DE OLEIROS

- c) O prazo terá que ser ampliado en cinco días.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

### **88. O Pleno pode delegar o exercicio das súas funcións no alcalde e a Xunta de Goberno Local, salvo:**

- a) O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias da súa competencia
- b) A concertación de operacións de crédito cuxa contía acumulada no exercicio económico exceda do 10% dos recursos ordinarios do orzamento
- c) A aprobación das formas de xestión dos servizos
- d) A declaración de lesividade dos actos do concello

### **89. Segundo a Constitución, o referendo consultivo será convocado:**

- a) Polo Presidente do Congreso dos Deputados a proposta do Rei
- b) Polo Rei, a proposta do Presidente do Goberno
- c) Polo Rei, a proposta do Presidente do Goberno previamente autorizado polo Congreso dos Deputados
- d) Polo Presidente do Goberno

### **90. A aprobación das ordenanzas locais require un trámite de información pública por un prazo de:**

- a) 10 días
- b) 15 días
- c) 20 días
- d) Mínimo de 30 días

### **91. Que españois poden exercer o dereito de petición só de xeito individual?**

- a) Os membros das Forzas Armadas ou Institutos armados ou dos corpos sometidos a disciplina militar
- b) Os membros das Forzas Armadas e do Poder Xudicial
- c) Os membros das Forzas Armadas e do Poder Lexislativo
- d) Ningún dos anteriores pode exercer o dereito de petición

### **92. En canto ás sesións extraordinarias do Pleno do Concello, un concelleiro pode solicitar anualmente:**

- a) 4 sesións extraordinarias del Pleno
- b) 3 sesións extraordinarias del Pleno
- c) 2 sesións extraordinarias del Pleno
- d) Non pode solicitar sesións extraordinarias un concelleiro, debe facelo o grupo político ao que pertenza

### **93. O regulamento orgánico municipal require para a súa aprobación:**

- a) Maioría simple
- b) Maioría absoluta
- c) 2/3 do número legal de membros da Corporación
- d) 3/5 do número legal de membros da Corporación

### **94. Segundo dispón a Constitución, ¿a quen corresponde controlar a acción do Goberno?**

- a) Ao propio presidente do Goberno
- b) Ás Cortes Xerais
- c) Ao Congreso dos Deputados





## CONCELLO DE OLEIROS

d) Ao Senado

### 95. Cal dos seguintes dereitos non é fundamental segundo a Constitución?

- a) O dereito a unha vivenda digna
- b) O dereito á vida
- c) O dereito á educación
- d) O dereito á igualdade

### 96. En caso de enfermidade do alcalde ¿quen o substituirá?

- a) O secretario do concello
- b) O tenente de alcalde que corresponda, segundo a orde do seu nomeamento
- c) O tenente de alcalde que corresponda, en orde rotatorio
- d) Non pode ser substituído por ninguén

### 97. Que recurso poderán interpoñer 50 senadores ou 50 deputados?

- a) Recurso de amparo
- b) Cuestión de inconstitucionalidade
- c) Recurso de inconstitucionalidade
- d) Ningunha resposta é correcta

### 98. Segundo a Constitución, ¿por cantos membros está integrado o Congreso?

- a) Por un mínimo de 300 e un máximo de 350 deputados
- b) Por un mínimo de 200 e un máximo de 400 deputados
- c) Por un mínimo de 300 e un máximo de 400 deputados
- d) Por un mínimo de 250 e un máximo de 350 deputados

### 99. Que maioría debe obter o candidato a presidente do Goberno na primeira votación?

- a) Maioría simple
- b) Maioría absoluta
- c) 1/3 dos deputados
- d) 2/3 dos deputados

### 100. Poden ser secretas as sesións do Pleno da Corporación?

- a) Sempre
- b) Nunca
- c) Cando alguén o solicite
- d) En determinados supostos en co acordo da maioría absoluta

